

Saturno devorando ao seu fillo Francisco de Goya e Lucientes 1820 – 1823

Revestimento mural trasladado a lenzo, 143,5 cm x 81,4 cm. Museo do Prado



Obra da cuarta etapa do pintor. Pertence ás Pinturas Negras realizadas para a Quinta do Xordo, nun estilo que comparte certos trazos do Romanticismo, pero que vai máis alá das coordenadas dese estilo. O conxunto de catorce escenas ao que pertence esta obra popularizouse co título de Pinturas Negras polo uso que nelas se fíxo de pigmentos escuros e negros e, así mesmo, polo sombrío dos temas. Decoraron dúas habitacións, nas plantas baixa e alta, da coñecida como Quinta do Xordo, casa de campo nos arredores de Madrid, xunto ao río Manzanares, coñecida por ese nome antes da súa adquisición por Goya en 1819. Coñécense fotos do conxunto in situ, e incluíronse por primeira vez no catálogo do Museo do Prado de 1900. En concreto estaba situada na planta baixa da Quinta do Xordo, nunha sala que faría as funcións de comedor ou salón principal. A casa foi derrubada cara a 1909. As Pinturas Negras pintáronse directamente sobre a parede seca, non ao fresco, e na mestura dos pigmentos utilizouse o óleo. Con anterioridade, nalgúns dos panos dos muros, en ambos os pisos, houbo outras escenas de difícil interpretación, posiblemente paisaxes.

Representa ao titán Cronos, ou Saturno na mitoloxía romana, no acto de devorar a un dos seus fillos. A figura era emblema alegórico do paso do tempo, pois Cronos comíase aos fillos recentemente nados de Rea, a súa muller, por temor a ser destronado por un deles. E efectivamente, como non podía ser doutra maneira, Zeus, o seu sexto fillo, que fora posto a salvo secretamente pola súa nai na illa de Creta, cumpriu o destino.

O tema de Saturno está relacionado, segundo Freud, coa melancolía e a destrución, e estes trazos están presentes nas Pinturas negras. Con expresión terrible, Goya sitúanos diante o horror caníbal das fauces abertas, os ollos en branco, o xigante avellentado e a masa informe do corpo sanguinolento do suposto fillo. O acto de comerse ao seu fillo viuse, desde o punto de vista da psicanálise, como unha figuración da impotencia sexual, sobre todo se o poñemos en relación con outra pintura mural que decoraba a estancia, Judit matando a Holofernes, tema bíblico no que a bela viúva xudía Judit convida a un banquete libidinoso ao vello rei asirio Holofernes, entón en guerra contra Israel e, tras emborrachalo, decapítalo.

O fillo devorado, cun corpo xa adulto, ocupa o centro da composición. Non só o está o corpo atroz do fillo, senón tamén, mediante o encadre escollido e a iluminación de claroscuro extraordinariamente contrastada, as pernas do deus, sumidas a partir do xeonllo na negrura, nun baleiro sentimental. Saturno, afastado da imaxe que poderíamos preconibir de como é un deus, é

un monstro deforme de grandes dimensións, cos ollos saltóns e desalmados. Goya emprega unha técnica pouco ortodoxa para a época. Prescinde case do debuxo, pinta sobre fondo escuro e a grandes brochadas, os membros xorden da escuridade, non lle é necesario pintar as zonas máis escuras. A paleta de cores, do mesmo xeito que no resto da colección, usa unha reducida gama, aquí pálida para unha mellor identificación cun personaxe vello e decrepito, case esquelético. Emprega unha gama de brancos e negros, aplicada en manchas de cor grosas, só rota polo ocre das carnacións e a chama branca e vermella da carne viva do fillo.

A escena xorde da escuridade, parece coma se a luz só existise para alumiar tal suceso, cargada dunha violencia explícita que sobrecolle. Non hai máis que fixarse en como crava os dedos desgarrando o corpo xa inerte do seu fillo e a grandes bocados mórdeo, no que parece ser o sùmmum da brutalidade. O corpo é propio dun home xa adulto, outra proba de que Goya, afastado doutras representacións máis fieis do mito, tenta representar o irremediable avance do tempo, e ante o cal o home, débil e sen defensa posible, está á súa mercé.

É unha das obras máis impactantes, non xa de toda a súa creación, senón de toda a pintura universal e o paradigma de como ao estado anímico e as circunstancias propias do artista inflúen na súa produción; por iso é polo que moitos a vexan como un dos puntos de partida do expresionismo. A obra desposuída do seu pretexto mitolóxico, inaugura o Romanticismo e prefigura o expresionismo.